

PLENO EXTRAORDINARIO: 22/DECEMBRO/2017

Reclamación Ordenanzas Fiscais:

- Hoxe debatemos unha iniciativa pensando nas persoas que máis o necesitan.

Unha iniciativa con sustancia: as persoas son o primeiro, a nosa prioridade.

- O Boletín Oficial da Provincia de Ourense nº 253 de data 3 de novembro de 2017, publica o acordo de aprobación provisional dos expedientes de modificación das ordenanzas fiscais reguladoras da taxa da auga e saneamento.

- Amparándome no artigo 17.1 do Texto refundido da Lei de Facendas Locais presento a reclamación que hoxe substanciamos.

- Xa no seu día presentei voto particular na correspondente comisión de facenda que defendín na sesión plenaria do 27 de outono pasado, con escaso éxito.

- A pretensión deste Grupo Municipal Socialista é establecer en ámbalas dúas ordenanzas fiscais unha tarifa social para as persoas con rendas baixas ou con dificultades económicas, con veciñanza en Allariz.

- A avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en risco de exclusión social é unha competencia e unha responsabilidade municipal.
- En Allariz existen persoas e familias que atravesan por serias dificultades → en concreto 13 perceptores da Renda de Integración Social.
- A pretensión deste Grupo Municipal Socialista é que se aplique unha tarifa social con carácter rogado, previo recoñecemento da situación polos servizos sociais municipais e de acordo cunha serie de requisitos, transparentes e públicos.
- Demandamos a modificación das Ordenanzas fiscais, introducindo exencións, bonificacións ou reducións do seguinte xeito:

- **Estarán exentos do pago da taxa os contribuíntes beneficiarios da Renda de Integración Social de Galicia (RISGA) e os acollidos a réximes protectores de carácter público análogos ó mencionado, cando o consumo non supere os 20 metros cúbicos por período de facturación (a exención inclúe a cota de servizo e o consumo ata 20 metros cúbicos).**
- As convivencias familiares numerosas tamén gozarán dunha bonificación do 50% nestas taxas.
- Aplicaranse asimesmo os beneficios fiscais que veñan establecidos nas normas con rango de Lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.
- Velaí a nosa proposta, pensando nas persoas que atravesan por serias dificultades a hora de aboar a tarifa da auga e o saneamento, tendo en conta que estamos a falar dun ben de primeira necesidade.
- Unha medida de profundo calado social, baseada:
 - Nunha norma clara e transparente.
 - Na igualdade de oportunidades.
 - Na solidariedade.
 - Nunha tramitación regrada e con criterios claros.
- Unha medida que fuxe da beneficencia e de concesión graciosa e graciable de axudas de xeito unilateral, sen unha norma clara que as regule.
 - Falamos de dereitos sociais, recollidos nunha normativa transparente, pública e con requisitos.
 - Falamos dunha medida suxeita aos principios de obxectividade e concorrencia, non a decisión graciable de quen goberna...
- Un Concello coma o noso non pode estar máis pendente do Boi, das Tartarugas do Arnoia, das escavacións, da recuperación da marsilea quadrifolia, dos

turistas...que dos veciños/as máis desfavorecidos ou con serias dificultades económicas.

- Un pouco de corazón e sentimento.

▪ **RÉPLICA:**

- Allariz ten que ter a arela de priorizar as persoas.
- Ambicionar un concello solidario, inclusivo, coas fiestras transparentes.
- Ten que cobizar estar no podio da “excelencia” en políticas sociais e non estamos:
 - Segundo os parámetros utilizados pola Asociación Estatal de Directores e Xerentes en Servizos Sociais, para presumir de “excelencia” hai que superar os 100 € de investimento por habitante.
 - Os datos que serviron de base para este informe que evidencia moitas carencias en políticas sociais e que pon de manifesto os recortes salvaxes nos servizos públicos, obtivéronse da liquidación de orzamentos de 2016.
 - Con esas cifras, o noso Concello dedica a actuacións de protección e promoción social 441.108,66 €. Isto significa unha inversión por veciño de 73,33 €.
 - Temos a obriga de estar nos primeiros da clase e non valen desculpas...
 - En Allariz carecemos en pleno 2017 dunha Ordenanza reguladora da concesión de axudas de emerxencia social.
 - Temos os deberes sen facer.
 - Queda moito camiño por percorrer.

Allariz, 22 de decembro de 2017.